



Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e o Círculo de Empresarios de Galicia para o establecemento dun marco de actuación conxunta en favor do desenvolvemento do espírito emprendedor no marco de Eduemprende.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director Xeral de Formación Profesional da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional,

DECLARA:

Que esta Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional formalizou co Círculo de Empresarios de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 19/07/2019 ata o 30/06/2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración das entidades asinantes para promover e fomentar actividades e iniciativas emprendedoras dentro do marco de Eduemprende, Plan de emprendemento do sistema educativo de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Ante o déficit emprendedor en Galicia é necesario crear as condicións para que poidan prosperar as iniciativas e as actividades emprendedoras. Neste senso o Plan de emprendemento no sistema educativo de Galicia Eduemprende aprobado no 2010 ten como obxectivo estratéxico a implantación na comunidade educativa desta cultura emprendedora necesaria para mellorar a competitividade empresarial e a empregabilidade do alumnado galego de acordo coas competencias da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, cos fins da Federación Comarcal de Empresarios de Arousa e co previsto no programa "Educación e Formación 2010" do Consello Europeo de Lisboa de marzo de 2000.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Edificio Administrativo
San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

